Marieta Pastoriza Martínez e Ramón Barreiro Carnota, en representación do SLG-CCLL, manifestamos o seguinte en relación co Borrador de **Ditame sobre o anteproxecto de Lei de recoñecemento da universidade privada *"Universidad Intercontinental de la Empresa",* con sede na Comunidade Autónoma de Galicia.**

Primeiro.-

Entendemos innecesaria a expresión "por exceder das súas competencias" ao comezo do punto 3º.

Segundo.-

A falta do debate na Comisión, entendemos que o último párrafo do Borrador moi posibelmente non suscite consenso entre as Organizacións, polo que, en principio, entendemos que é mellor excluílo.

Terceiro.-

En relación coas Consideracións particulares ao articulado, manifestar o seguinte:

A.-

Trátase de Consideracións feitas por esta Organización antes do debate na primeira Comisión celebrada.

B.-

As Consideración xerais inicialmente presentadas polo SLG (a ese texto nos remitimos) son unha impugnación da idea da necesidade/oportunidade de creación. En consecuencia conflúen sen distorsións (e poden complementar) co texto presentado pola entidades do Grupo II.

C.-

Polo simple feito de non estar debatidas na Comisión, non procedería neste momento a súa inclusión.

D.-

Como titular das ditas Consideracións (máis aínda se non foron obxecto de debate), o SLG fai expresa renuncia ás mesmas por considerar incoherente a súa inclusión no marco do debate habido e dado que a meirande parte das entidades non fixeron consideracións sobre o articulado, existindo a posición por algunhas entidades de que non debía entrarse no articulado. Xa só por esa razón, non poden figurar no Ditame do CES, dado que non expresaría a postura de todas as partes.